



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Servizos Centrais

EXP. 5272/407

Asunto: Contratación da obra de derruba parcial do edificio de vivendas na rúa Churruca nº 3 e 5, esquina rúa Gravina (execución subsidiaria derivada do expte. 15.529/423).

INFORME-PROPOSTA:

1.- Antecedentes.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na sesión ordinaria do día 9 de setembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

1º) Incoar o expediente de contratación da obra de derruba parcial do edificio de vivendas na rúa Churruca nº 3 e 5, esquina rúa Gravina en execución da sentenza nº 1492, de 19 de decembro de 2002, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en autos do recurso contencioso-administrativo nº 2/6626/1998 (expediente municipal de execución subsidiaria nº 15.529/423).

2º) Aprobar o proxecto para a derruba parcial do edificio de vivendas sito en rúa Churruca nº 3 e 5, esquina rúa Gravina, redactado polo arquitecto D. Manuel Ángel Rodríguez Filgueira, presentado por Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo o 6 de setembro de 2011 (documento nº 110116568).

Con data 29 de setembro de 2011 esta xefatura dos Servizos Centrais asina o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación, sendo informados favorablemente polo xefe do Asesoramento Xurídico e polo Interventor desta Xerencia Municipal de Urbanismo con datas 4 e 6 de outubro de 2011, respectivamente.

Entre tanto, o 5 de outubro de 2011, a concelleira-delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos resolveu:

"1º) Anular a liquidación provisional por importe de 468.332,77 euros con cargo á entidade "CHURRUCA VILLAS Y PROMOCIONES, S.A.", aprobada mediante resolución de 30 de maio de 2011 e notificada mediante anuncio no BOP de 2 de agosto de 2011.

2º) Aprobar unha nova liquidación provisional, por importe de 557.158,65 euros (conforme ó proxecto aprobado polo Consello da Xerencia o 9 de setembro de 2011), a favor da Xerencia Municipal de Urbanismo e con cargo á entidade "CHURRUCA VILLAS Y PROMOCIONES, S.A.", con CIF A-36.811.107, en concepto de execución subsidiaria ordenada xudicialmente e consistente na obra de derruba parcial do edificio de vivendas da rúa Churruca nº 3 e 5, esquina rúa Gravina.

3º) Notificar á entidade "CHURRUCA VILLAS Y PROMOCIONES, S.A." a citada liquidación provisional.

4º) Incoar un expediente de modificación orzamentaria para a ampliación da partida de execución subsidiarias (1510.2279905), por importe de 557.158,65 euros, destinado á financiación da obra de execución subsidiaria de derruba parcial do edificio de vivendas da rúa Churruca nº 3 e 5, esquina rúa Gravina (expedientes 15.529/423 e 5272/407)."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 7 de outubro de 2011, acordou:

- 1) *"Dar conta da resolución de concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, de data 5 de outubro de 2011, anulando la liquidación provisional de 30 de maio de 2001, aprobando a nova liquidación provisional, por importe de 557.158,65 euros, e incoando*



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Servizos Centrais

EXP. 5272/407

Asunto: Contratación da obra de derruba parcial do edificio de vivendas na rúa Churruca nº 3 e 5, esquina rúa Gravina (execución subsidiaria derivada do expte. 15.529/423).

a modificación orzamentaria que financie a contratación da obra de derruba parcial do edificio de vivendas na rúa Churruca nº 3 e 5, esquina rúa Gravina (execución subsidiaria derivada do expte. 15.529/423).

- 2) *Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación da citada obra de derruba, co carácter de expediente anticipado de gasto."*

O 11 de outubro de 2011, mediante inserción de anuncio no "perfil do contratante" deste Concello de Vigo, abriuse prazo por quince días naturais para a presentación de ofertas, conforme ós requisitos previstos no citado prego de cláusulas administrativas particulares.

Conforme ó certificado expedido o 10 de novembro de 2011 polo xefe de asesoramento xurídico da Xerencia Municipal de Urbanismo (actuando como secretario deste Organismo Autónomo por resolución de 22 de setembro de 2011), presentáronse no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo as seguintes ofertas:

1. Extraco construcións e proxectos, S.A. (doc 110137636).
2. Eiriña, S.L. (doc 110137337).
3. Agrupconsa, S.L. (doc 110137105).
4. UTE Anllar-Sarmiento (doc 110137100).
5. Dentellada, S.L. (doc 110136953).
6. Copcisa, S.A. (doc 110137623).
7. Conslar ingeniería y construción, S.L. (doc 110137595).
8. Arias Hermanos Construcciones, S.A. (doc 110137612).
9. Proyecta actividades profesionales de la construción, S.L. (doc 110138118).

O 15 de novembro de 2011 a Concelleira-Delegada de Urbanismo, Barrios Históricos e Grandes Proxectos convocou a Mesa de Contratación actuante neste procedemento negociado con publicidade, que celebrou a súa primeira sesión o 18 de novembro de 2011, procedendo a apertura da documentación administrativa das proposicións presentadas, calificándoas todas como válidas.

O 25 de novembro, previa a oportuna convocatoria pública, a citada Mesa de Contratación procedeu a apertura da documentación técnica e económica. Nesta sesión a Mesa decidiu remitir as diferentes proposicións presentadas ó Servizo de Obras e Proxectos Municipais a efectos de que emitiesen o correspondiente informe valorativo.

O 12 de decembro de 2011 o citado Servizo emite informe do criterio de adxudicación "A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR", conforme o prego administrativo que rexe a contratación.

Do citado informe e da puntuación otorgada en función do prezo, prazo de execución e mellora do control de calidade ofertados, dase conta a Mesa de Contratación que se reúne o 14 de decembro de 2011, que estima o informe e as puntuacións otorgadas debidamente xustificadas.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Servizos Centrais

EXP. 5272/407

Asunto: Contratación da obra de derruba parcial do edificio de vivendas na rúa Churruca nº 3 e 5, esquina rúa Gravina (execución subsidiaria derivada do expte. 15.529/423).

A avaliación efectuada polos Servizos Técnicos e Centrais da Xerencia, pode sintetizarse no seguinte cadro, que se inserta na acta da Mesa de Contratación:

TIPO DE LICITACIÓN (IVE INCLUIDO) = 557.158,65										
	prezo con IVE	baixa	pr.	c.c.	Prezo	pr.	c.c.	subt.	tec.	total
1. Extraco construcións e proxectos, S.A.	433.412,82	123.745,83	6	3	27,91	15	10	52,91	33,00	85,91
2. Eiriña, S.L.	531.529,35	25.629,30	6	3	5,78	15	10	30,78	27,71	58,49
3. Agrupconsa, S.L.	529.300,72	27.857,93	3	3	6,28	7,5	10	23,78	21,86	45,64
4. UTE Anllar-Sarmiento	529.300,70	27.857,95	6	3	6,28	15	10	31,28	40,64	71,92
5. Dentellada, S.L.	498.656,20	58.502,45	4	3	13,20	10	10	33,20	36,16	69,36
6. Copcisa, S.A.	424.164,88	132.993,77	6	3	30,00	15	10	55,00	38,41	93,41
7. Conslar ingeniería y construcción, S.L.	431.352,23	125.806,42	6	3	28,38	15	10	53,38	37,21	90,59
8. Arias Hermanos Construcciones, S.A.	529.300,72	27.857,93	5	3	6,28	12,5	10	28,78	13,00	41,78
9. Proyecta actividades profesionales de la construcción, S.L.	427.229,25	129.929,40	6	3	29,31	15	10	54,31	30,48	84,79
MEDIA = 481.582,99										
10% = 48.158,30										
MAXIMA OFERTA FORA DE POSIBILIDADE DE TEMERIDADE = 433.424,69										

Como consecuencia dos prezos ofertados polas entidades “ Extraco Construcións e Proxectos S.A.” , “Copcisa S.A.”, “Conslar Ingeniería y construcción S.L.” e “ Proyecta actividades profesionales de la construcción S.L.”, que son inferiores en máis dun 10% da media dos prezos ofertados polo conxunto das empresas ofertantes, notificouse ás citadas empresas para que no prazo máximo de tres días hábiles presentasen xustificación da viabilidade da súa proposta económica, toda vez que a mesma podería ser considerada desproporcionada ou temeraria en aplicación do previsto pola cláusula 16ª do prego de cláusulas administrativas que rexen esta contratación e nos termos sinalados polo artigo 136.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. Se lle pedía ós ofertantes que especificasen a partida ou partidas que permiten realizar a baixa na oferta.

O 19 de decembro, dentro do prazo dado, as catro empresas notificadas tiñan presentado a xustificación solicitada, emitindo, o 21 de decembro de 2011, novo informe os arquitectos do Servizo de Obras e Proxectos municipais, no que se conclúe que é posible a execución da obra que se contrata polos prezos ofertados polas entidades notificadas.

Visto este informe, a Mesa, por unanimidade, en sesión celebrada o propio 21 de decembro de 2011, propón a adxudicación do contrato das obras de derruba parcial do edificio de vivendas na rúa Churruca nº 3 e 5 esquina rúa Gravina (execución subsidiaria do expediente 15529/423) á empresa “Copcisa S.A.” segundo as condicións contidas na oferta presentada por dita entidade (prezo, 424.164,88 euros, IVE incluído; prazo de execución, 6 meses e mellora do control de calidade ata un 3% do presuposto de execución material).



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Servizos Centrais

EXP. 5272/407

Asunto: Contratación da obra de derruba parcial do edificio de vivendas na rúa Churruca nº 3 e 5, esquina rúa Gravina (execución subsidiaria derivada do expte. 15.529/423).

2.- Financiamento.

Con data desta proposta o Alcalde-Presidente desta Xerencia Municipal de Urbanismo aprobou o expediente de modificación orzamentaria número 7/2011 deste Organismo Autónomo, xerando crédito por importe de 557.158,65 euros no vixente Orzamento (partida 1510.2279910), segundo o preceptuado polo artigo 181 do R.D. Legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Con cargo a este crédito, de incorporación obrigatoria ó Orzamento 2012, por ser de financiación afectada, finánciase a adxudicación que se propón.

3.- Proposta.

De conformidade co exposto, proponse ó Consello da Xerencia, competente conforme ó artigo 10.2.h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a “Copcisa,S.A.” o contrato da obra da derruba parcial do edificio de vivendas na rúa Churruca nº 3 e 5, esquina rúa Gravina, en execución da sentenza nº 1492, de 19 de decembro de 2002, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en autos do recurso contencioso-administrativo nº 2/6626/1998 (expediente municipal de execución subsidiaria nº 15.529/423), por un prezo de 424.164,88 euros, un prazo de execución de 6 meses e un control de calidade por importe do 3% do presuposto de execución material”.

Vigo, 22 de decembro de 2011

CONFORME,

A Xerente,

O xefe dos Servizos Centrais

María Carneiro López

Juan González Ramírez

Concelleira-delegada de Urbanismo

Mª del Carmen Silva Rego

INTERVIDO DE CONFORMIDADE

(coas precisións do informe emitido o 6 de outubro de 2011)

O Interventor Xeral,

Juan Ramón González Carnero